

Tema 5. Comunicación, persoa e comunidade

O "mundo da vida"

O concepto "mundo da vida" (lebenswelt) foi enunciado por Edmund Husserl como ámbito onde ten lugar as doazóns de sentido e onde descansa toda evidencia. Non obstante, Husserl falaba así ao respecto da conciencia transcendental e nunha perspectiva egolóxica (do Eu). Schütz, desde o eido da fenomenoloxía social, denomina "mundo da vida" á esfera do cotiá onde opera o sentido común. Este mundo non é independente e externo aos actores (persoas), senón que é o resultado das súas prácticas intencionais; os actores construen a realidade dando sentido e significado ás súas experiencias nas interaccións da vida diaria. O que Schütz chamaba "actitude natural".

Este mundo fundaméntase no coñecemento e na experiencia propia ou transmitida por outras persoas. Funciona coma un esquema de referencia, posibilitando a interpretación das situacións, coma unha especie de recetario que proporciona solucións típicas a problemas típicos. Para Schütz o coñecemento construíase a partir da sedimentación da herdanza cultural. Polas vivencias obtíñanse coñecementos, estando estas experiencias estruturadas temporal e espacialmente como relacións sociais.

Schütz distinguía varios "mundos" distintos ao alcance dos actores: un mundo "efectivo" accesible inmediatamente e que se relaciona coa estrutura do presente, un mundo "recuperable ou potencial" que se relaciona co pasado e un mundo "asequible" que se relaciona ao futuro. Cada temporalidade conectábase co fluxo de conciencia (presente), co fluxo da memoria (pasado) e co fluxo da expectativa (futuro) sulñando que a vida cotiá (a vivencia, e consecuentemente a situación biográfica particular) ten que ver co "mundo" como unha extensión e duración determinadas. O "mundo da vida" transcorre nun tempo social, combinación de tempos subxectivos e obxectivo (entendido como intersubxectivo social)

A experiencia co "Outro" estruturase segundo estea referida a un mundo de asociados ou conxéneres (persoas coas que se obtén unha experiencia inmediata e con relación cara a cara), un mundo de contemporáneos (sei que existen no tempo que vivo, pero deles non obteño experiencia inmediata) e, logo, un mundo de antecesores e de sucesores. Por tanto, hai accións referidas aos "outros" conxéneres que son orientadas polo Ti ou por unha

relación co Nós, mentres que as accións referidas a contemporáneos, antecesores e sucesores, poden ser guiadas por un Eles.

Schütz dicía que o "mundo da vida" partía de tres consideracións básicas: que era un mundo aproblemático e asumido como evidente de partida, que era un mundo de carácter mais ou menos local e que era un mundo intersubxectivamente constituído. Era un constructo para a interpretación de situacións e solución de problemas prácticos das persoas.

Alfred Schütz (coa revisión de Thomas Luckmann, após da súa morte) foi quen de restituir a subxetividade ao mundo social. Demarcou o ámbito do mundo da vida como espazo de interacción e de construción de sentido e, en especial, amosou que desde as vivencias dos actores (as persoas) o mundo é realmente construído e reconstruído en e pola experiencia intersubxetiva dun mundo compartido por todos eles.

Habermas, pola súa parte, di que o mundo da vida artéllase arredor do eixo da comunicación. Así a intersubxetividade pode ser explicada e o concepto de mundo da vida non se reduce tan só a convicións culturais, senon que dá conta tamén da complexidade do espazo social no que se moven e entenden os actores.

Tanto Schütz, como Jürgen Habermas, entenden o mundo da vida non como unha atmósfera envolvente que artella aos grupos sociais, máis ben é un concepto que fala de formas vitais dacordo ás diferenzas sociais significativas (xénero, clase, etnia,...)

Habermas, partindo de Durkheim, de Schütz e de Mead, na súa teoría da acción comunicativa artella a comprensión dos procesos simbólicos de construción da realidade no eixo comunicación, sociedade e cultura. A comunicación é un proceso a traveso do cal os actores chegan a acordos, dominan situacións e poden xerar e transformar a realidade. Pero a comunicación só é posible no contexto dunha linguaxe, unha cultura e unha sociedade particular na que as súas expresións teñen sentido e son comprensibles na intersubxetividade.

A sociedade (ordes normativas que conforman institucións e grupos) e a cultura (sistemas de percepción, valoración e acción) aparecen como obxetivacións da comunicación. Sociedade, cultura e comunicación son instancias interdependentes, pero

íntimamente relacionadas no seu análise, son contextos para a interpretación e para a actuación no mundo; asimesmo, son o resultado de procesos de significación e acción dos actores.

A reprodución cultural -representacións sociais, repertorios de coñecemento, imaxinarios colectivos- serve á integración social e á socialización. Así, os grupos ou institucións se reproducen e se integran a partires de tradicións culturais e de procesos de socialización que xeran identidades e competencias prácticas. E velaí que as estruturas de persoalidade ou as identidades personais só son entendibles no marco da pertenza a grupos sociais e ás tradicións culturais que as configuran.

Sen embargo, a sociedade non se esgota no mundo da vida e en procesos de reprodución simbólica, senon que inclue tamén procesos sistémicos e mecanismos de reprodución material.

O concepto de mundo da vida, a súa vez, destaca o dinamismo dos procesos cotiás de significación. O recoñecemento de Habermas de que as conviccións culturais, as normatividades sociais e as estruturas de persoalidade son recursos que posibilitan a definición da realidade e da acción -estructuras no mundo da vida- son tamén temas básicos de entendemento para os actores -ingredientes do mundo da vida-, aplicado á investigación dos distintos tipos de ordeamentos simbólicos, serve tamén para acadar unha comprensión da cambiante significación cotiá.

Permitenos detectar que algúns significados permanecen no plano da conciencia práctica, mentres que outros forman parte da conciencia discursiva dos actores do mundo da vida; tamén que o práctico é susceptible de seren problematizado discursivamente e que o discursivo pode ser naturalizado na vida práctica. As estruturas de significación andan en constante movemento.

No mundo da vida algúns significados deixan de funcionar como recursos de percepción, valoración e acción, e son identificados como temas susceptibles de discusión e cuestionamento, á vez que outros significados deixan de ser obxectos de discusión e pasan a formar parte da vida cotiá.

Os actores sociais son recoñecidos como construtores e reconstrutores dos significados da vida social: posuen capacidades cognitivas que lles permiten non só moverse nun mundo

previamente significado, senón transformalo nos seus procesos cotiás de interacción e comunicación. Os elementos da vida sociocultural son susceptibles de seren tematizados, problematizados, discutidos, rexeitados, alterados polos actores sociais no propio marco do seu mundo da vida.

A indagación da vida cotiá.

No modelo que Habermas propuxo, tamén no de Schütz, a noción de poder en relación ao "mundo da vida" non é importante, non xoga un papel de relevo nos procesos de entendemento. Habermas reconece que a acción comunicativa xera poder lexítimo (en oposición a unha acción estratéxica que produce poder por dominación) e que cando os mecanismos do sistema invaden o mundo da vida, o poder é un poder violento que pode revestirse coa aparencia do lexítimo. Non toman en conta que os procesos simbólicos de reprodución social implican non só acción comunicativa, senon que tamén estratéxica. Este proceso é para Habermas "a colonización do mundo da vida".

Michel De Certeau, fronte ao sistema proposto por Foucault- a subxectividade está constituída por e desde o poder-, pon de relevo a capacidade constante do home común contra o poder. A épica do pasado século, o XX, é a que realiza o home sen atributos. As cualidades que De Certeau atribue a este personaxe da épica actual son a sensibilidade para re-crear redes de intersubxetividade paralelas aos grandes poderes, a habilidade no uso das mañas para vencer aos fortes (a presenza anónima do poder) e que, á hora de consumir símbolos é sempre activo e creativo; nunca adoita someterse pasivamente á forma na que lle sirven o produto.

A pretensión de De Certeau, nos seus estudos sobre a vida cotiá, era indagar sobre os "xeitos de facer", as prácticas cotiás, de maneira que permitiran fundamentar métodos, categorías e puntos de vista.

A indagación sobre a vida cotiá xurde dos traballos sobre "cultura popular" e as marxinalidades, emprendidos polo historiador francés e a súa equipa; estes traballos primeiros tiñan o problema de non localizar a "diferencia" cultural nos grupos da "contracultura"- grupos de por si singulares, privilexiados e inscritos no folclor e que finalmente só producían puras manifestacións puntuais, aínda que reveladoras-.

Moitos traballos ocúpanse, na Historia, de estudar as representacións ou os comportamentos. Grazas a estes estudos para De Certeau era posible e necesario identificar o "uso" que fan disas representacións e comportamentos, grupos e individuos.

Tres determinacións, sen embargo, permitiron a De Certeau artellar as "prácticas cotiás": había que descubrir unha produción, mediante unha poética (xenerativa, creativa, de invención) oculta desde sempre e que se diseminara polos sistemas de produción contemporáneos (televisada, urbanística, comercial,...) , coñecer porque a extensión totalitaria destes sistemas xa non deixa aos "consumidores" un espazo para identificar que facer con ises produtos. De Certeau, cría por último que a unha produción racionalizada e espectacular, corresponde outra produción, cualificada de "consumo" e que se evidencia nas formas distintas de empregar os produtos impostos polo orden económico dominante.

A diferenza atópase no procedemento do consumo das representacións. Hai unha diferenza clave, por exemplo, entre a produción da imaxe e a produción do proceso da súa utilización. No campo do Falar, por exemplo tamén, a fala opera no ámbito dun sistema lingüístico; pon en xogo unha apropiación ou unha reapropiación da lingua a través dos locutores; instaura un presente relativo a un momento e a un lugar, e planea un contrato co "Outro" nunha rede de lugares e relacións. Estas características do acto enunciativo atópanse noutras moitas prácticas (camiñar, cociñar,...) Foucault substituía a análise dos sistemas que exercen o poder coa análise dos dispositivos que vampirizaban as institucións e reorganizaban en segredo o funcionamento do poder: procedementos técnicos minúsculos que, ao xogar cos detalles, redistribuen o espazo para facelo operativo nunha vixianza xeneralizada. Os usuarios modifican o seu funcionamento mediante unha multitude de tácticas articuladas en base aos detalles cotiás.

Pero non se trata de precisar como a violencia do orden transfórmase en tecnoloxía disciplinaria, senon en exhumar as formas que adquire a creatividade dispersa de grupos ou individuos atrapados nisas redes de vixianza, segundo De Certeau.

Pódese supoñer que istas operacións, desprovistas de ideoloxías e institucións propias, obedezan a determinadas regras. É dicir, ten que haber unha lóxica destas prácticas. É regresar ao problema

antigo do que é un “arte” ou unha maneira de facer. A partir de eiquí, esta “cultura popular” formúlase como “artes de facer”, en consumos combinatorios e utilitarios.

De Certeau, na súa experiencia de campo destes traballos, desenvolve varios conceptos de interese como a "estratexia" e "as tácticas" para explicar o uso e o consumo, as necesidades do home común contemporáneo. Chama "estratexia" ao cálculo de relación de forzas nun escenario ou lugar posible. O estratega fai propio ise escenario para substraerse a el, en maior ou menos medida, en relación ao plano marcado pola conveniencia da súa estratexia.

As estratexias son accións que procuran un lugar de poder dende onde se pode comunicar e exercer. Elaboran lugares teóricos (apoiadas en sistemas e discursos totalizadores) capaces de articular un conxunto de lugares físicos onde repartir as súas forzas, e dominar a uns cos outros. Privilexian as relacións de lugar (posición) onde atopan a súa resistencia. Invirten as estratexias do espazo público para organizar o seu discurso ou o seu silencio.

Para completar a definición Bordieu di que as estratexias relaciónanse co documento, co calendario, coa xeometría, co parentesco,... que o estratega usa por medio da mirada, da lectura organizada dos datos. Teñen procedementos esenciais: a polivalencia (unha mesma cousa ten propiedades e usos que varían segundo o lugar), a sustituibilidade (unha cousa pode ser remprazada por outra debido á súa afinidade común co que representa) e a eufemización (ocúltase o feito de que hai accións que contraveñen os símbolos representados) Recoñecer a autoridade das regras, resulta todo o contrario de aplicarlas.

Seguindo con De Certeau, as tácticas son procedementos que privilexian a habilidade para conseguir no menos tempo posible, aquilo que pretenden. As tácticas persiguen alterar o orden efectivo das cousas, desde o sistema de coñecemento da persoa que as usa. As tácticas son un arte do débil.

Nestes intercambios sociais das tácticas o historiador francés irónicamente advirte até tres condicións comúns: economía da xenerosidade nos desquites, estética artística nas operacións e ética da tenacidade (é dicir, fuxir da condición de lei que outorgamos ao orden constituído)

De Certeau distingue, tamén, algún dos procedementos do "engano" na práctica popular cotiá:

1.- facer/desfacer o xogo do Outro redistribuíndo o seu espazo instituído, eludindo, desde a súa rede de forzas e representacións establecidas, as regras que o limitan. Esta táctica emprega á retórica: as posibilidades de ofrecer como real, aquilo que simplemente é posible. A opacidade do que non se quere amosar e a ambigüidade, convírtense en formas de aproveitamento e coñecemento da intelixencia práctica.

2.- aplicar prácticas, xogos, ditos, relatos, accións trasladables que respondan ás circunstancias vividas no momento, segundo a ocasión. Xógase coa proporcionalidade práctica-situación e co exercicio da memoria común (almacenamento e clasificación) Son repertorios de esquemas de accións de sociabilidade que, ao traveso da seducción (confidencia nun aparente espazo de excepción) permiten coñecer e revelar a posición e a competencia do Outro respecto dun código común.

3.- a técnica do "escamoteo". En relación co sistema económico que a transcende (impoñendo tempos, regras e xerarquías) pódese tentar desviar, aproveitando os recursos do sistema, pero ao tempo que outorgamos á institución, comunidade, grupo, aquilo que desexa..., por exemplo, fabricando procesos solidarios gratuitos e visibles para todos, xerando confianza.

A táctica non ten máis lugar que o lugar do Outro. Afrontar ao Outro e ver como safar, ser xenerosos ou aproveitarse. Non se dispón nas tácticas dunha base sobre a que ter vantaxes e depende sempre das circunstancias. Debido ao seu non-lugar a táctica depende do tempo, das posibilidades de acadar proveito nun tempo determinado. Precisa xogar cos acontecementos, para facer deles ocasións. A súa síntese intelectual ten como forma non un discurso, senón a decisión mesma, o acto, a maneira de aproveitar a ocasión.

Moitas das prácticas cotiás (falar, ler, circular, facer as compras, cociñar,...) son de tipo táctico. E tamén artes de pór en práctica astucias de "cazadores", mañas, simulacións, achádegos,... todas signos de coñecementos antigos (a mètis grega) que permanecen e que, agora, se multiplican co desmembramento do lugar e, cada vez máis, ao non estar circunscritas a unha comunidade concreta. Estas tácticas manifestan até que punto a intelixencia e a experticia son indisociables dos combates e os praceres cotiás que articulan; mentres que as estratexias ocultan baixo cálculos "obxectivos" a súa relación co poder que as manteñen ao abeiro do

lugar propio, ou baixo unha determinada institución.

Os sofistas tiñan como principio, no uso da fala, facer que a posición máis feble, fora a máis forte trastornando ao poder e aproveitando a ocasión. É unha longa tradición que pasa polo Sun Tzu, na Xina, ou pola antoloxía árabe do Libro dos trucos. Isa tradición dunha lóxica articulada con base na conxuntura, e na vontade e necesidade do Outro.

De Certeau propón uns determinados "itinerarios" para recoñecer as prácticas do home común, nunha indagación da vida cotiá:

a) pór o acento na cultura común e cotiá en tanto que esta é apropiación (ou re-apropiación) no consumo ou na recepción, considerando istes un xeito de practicar.

b) debuxar unha teoría das prácticas cotiás do home para extraer do ruído ás "maneiras de facer" que, maioritarias na vida social, só figuran como resistencias ou inercias en relación co desenvolvemento da produción sociocultural. Cada proposición teórica debe ser posta a proba nunha práctica concreta. Especificar os esquemas de operación; non se trata de elaborar só un modelo xeral para vaciar nise molde o conxunto das prácticas. (Velaí a práctica das dietas relacionais e de medios dista asignatura)

c) na cultura o orden pónse en xogo por un arte, por un xeito de facer. Insinúase así un estilo de intercambios sociais, un estilo de invencións técnicas e un estilo de resistencia moral propios a isa cultura. A análise ordéase, sempre, en tres ámbitos: as modalidades da acción (tipos), as formalidades das prácticas (normas) e os tipos de operación (procedementos), especificadas polas maneiras de facer.

d) rexeitar as teses comúns sobre a pasividade dos consumidores e a masificación das conductas. Desprazar a atención do consumo supostamente pasivo de produtos recibidos á creación anónima, nacida do uso destes produtos. Significa isto rexeitar a uniformidade que o poder quixera facer imperar en nome dun coñecemento superior e do "interese común".

Recursos bibliográficos:

Bourdieu, P. (1972) Enquête d'une théorie de la pratique. Genève:

Droz.

De Certeau, M. (2007) La invención de lo cotidiano. vol.1 Artes de Hacer. Tlaquepaque, Jal. & México: ITESO/ Universidad Iberoamericana.

Foucault, M. (1975) Surveiller et punir. Paris: Gallimard.

Habermas, J. (1987) Teoría de la acción comunicativa. vol.II Crítica de la razón funcionalista. Madrid: Taurus.

Husserl, E. (1984) La crisis de las ciencias europeas y la fenomenología trascendental. México: Folios ed.

Schütz, A. e T. Luckmann (1977) Las estructuras del mundo de la vida. Buenos Aires: Amorrortu.